

**SEGUNDA PARTE DO TERCEIRO EXERCICIO DO PROCESO
SELECTIVO PARA O ACCESO Á ESCALA DE AXUDANTES DE
ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS, ESPECIALIDADE BIBLIOTECAS,
SUBGRUPO A2, PROMOCIÓN INTERNA**

*Convocado por resolución reitoral de 30 de abril de 2024
(«DOG» núm. 92, de 13 de maio de 2024)*

Mércores, 12 de marzo de 2025

Versión en galego

SUPOSTO PRÁCTICO 1

Vostede traballa na Biblioteca da Facultade de Bioloxía e ten asignadas tarefas relacionadas cos servizos de apoio á docencia e aprendizaxe. Como axudante, debe colaborar no desenvolvemento destes servizos e dar resposta ás necesidades das persoas usuarias que lle achegan diferentes cuestións relacionadas cos servizos e recursos bibliotecarios. O suposto práctico consiste en resolver as consultas e solicitudes que se detallan a continuación.

1. Un estudante de 3º de grao necesita información para realizar un traballo sobre recursos mariños en Europa. Necesita coñecer que libros recentes sobre o tema están dispoñibles na BUSC.

- a) Axúdelle a empregar as posibilidades e recursos do catálogo Iacobus para afinar a súa busca.
- b) Para enriquecer o seu traballo, propóñalle ampliar a busca a outro tipo de recursos especializados. Explíquelles como o guiaría para buscar tanto nos recursos que ofrece a BUSC como noutros recursos en aberto.

2. A directora da biblioteca coméntalle que o profesorado do centro está preocupado polas carencias do alumnado en relación ao plaxio e a avaliación crítica da información. Ademais, tamén considera que deberían ter nocións de como organizar e xestionar a información eficazmente, polo que propón a planificación dunha actividade formativa.

Indique que información previa precisa para planificar a actividade e elabore unha proposta de ficha técnica que recolla a modalidade de formación, obxectivos, contidos, recursos materiais, así como todos aqueles aspectos que considere necesarios para a organización da acción formativa.

3. Na Facultade de Bioloxía vaise impartir un novo máster: «Máster Universitario en Bioloxía Mariña». Un profesor da materia «Botánica mariña» diríxese á Biblioteca para solicitar que a bibliografía recomendada da súa materia estea accesible a través do catálogo. Indique os pasos que seguiría para poñer á disposición do alumnado a bibliografía recomendada polo profesor, tendo en conta que:

- Algúns recursos están en formato físico e outros en electrónico
- Algúns recursos xa están no catálogo e outros non
- Algúns exemplares atópanse descatalogados.

4. Un estudante de 1º de Grao comenta na conta de Instagram da biblioteca da Facultade de Bioloxía que descoñece como facer reservas de libros dende o catálogo e como renovar os préstamos:

- a) Prepare unha resposta para publicar na conta oficial da biblioteca.
- b) A partir deste comentario, xorde a idea de organizar unha campaña en Instagram que informe sobre como facer reservas e xestionar os préstamos dende a conta de usuario do catálogo. Elabore un cronograma de propostas de publicación para o mes de abril que inclúa un slogan atraínte. Non esqueza os cursos de formación que organiza a biblioteca.

5. A biblioteca da Facultade de Bioloxía propón a creación dun espazo *maker* e propón ao decanato a adquisición dunha impresora 3D. A directora da biblioteca solicita a súa axuda

para a elaboración dun informe que xustifique esta proposta, polo que lle traslada as seguintes cuestións:

- a) Que vantaxes podería aportar a creación dun espazo *maker* coa impresora 3D na biblioteca?
- b) Que tipo de actividades ou recursos específicos podería ofertar este espazo para apoiar a docencia e a aprendizaxe na Facultade de Bioloxía?

SUPOSTO PRÁCTICO 2

Vostede forma parte do equipo de traballo da biblioteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC e ten asignadas tarefas relacionadas cos servizos de apoio á investigación. Como axudante, debe colaborar no desenvolvemento destes servizos e dar resposta ás necesidades do persoal investigador. O suposto práctico consiste en resolver as consultas e solicitudes que se detallan a continuación.

1. Un doutorando solicita axuda para realizar unha busca bibliográfica exhaustiva sobre o tema da súa tese, «A relación entre a economía circular e o desenvolvemento sostible», pero descoñece que recursos bibliográficos especializados seleccionar e como empregalos. Explique como lle axudaría a planificar a busca e que ferramentas ou recursos lle recomendaría.

2. Como resultado do proceso da busca bibliográfica o doutorando necesita acceder ao texto completo de varios traballos fundamentais para a súa tese de doutoramento, para o cal solicita a súa axuda.

Describa que recursos e servizos lle ofrece a Biblioteca Universitaria para resolver a necesidade do doutorando e que pasos debería seguir, segundo os traballos estean dispoñibles ou non dentro dos recursos bibliográficos ofertados pola BUSC.

3. A directora da biblioteca encárgalle apoiar a organización dunha acción formativa solicitada pola Escola de Doutoramento Internacional da USC sobre *o marco actual da Ciencia Aberta e os recursos da BUSC para a súa promoción*, dirixida a persoal investigador en formación.

Indique que información previa precisa para planificar a actividade e elabore unha proposta de ficha técnica que recolla a modalidade de formación, obxectivos, contidos, recursos materiais, así como todos aqueles aspectos que considere necesarios para a organización da acción formativa.

4. Un grupo de investigadores e investigadoras do Departamento de Economía Aplicada necesita seleccionar revistas onde publicar, especialmente en acceso aberto, para cumprir cos requisitos dos seus financiadores. Descoñecen que fontes e recursos deberían empregar para localizar revistas de impacto na súa área de coñecemento, así como que axudas económicas xestiona a BUSC para publicar en aberto. Prepare unha resposta ás necesidades expostas polo grupo de investigación e inclúa exemplos concretos.

5. Unha investigadora dese mesmo departamento prevé participar na próxima convocatoria de sexenios e achégase á biblioteca para que lle axude a resolver as súas dúbidas.

- a) Ten seleccionados tres artigos e dous capítulos de monografías para concorrer á convocatoria. Que pode facer esta investigadora para que estas publicacións aparezan no repositorio Minerva?
- b) Que informes podería descargar dende o Portal de Investigación da USC e como?
- c) Explíquelle que son as citas normalizadas e de que fontes dispón para obtelas.
- d) Que servizos e que recursos pon a BUSC á disposición desta investigadora para axudala na elaboración da solicitude?